XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

31 de outubro de 2008

Curso 2008/09 nº 8

boletin@edu.xunta.es




## *Lexislación de bacharelato en Galicia*

Saíu publicado o libro de lexislación de bacharelato en Galicia. Nel pódense atopar os seguintes documentos: Decreto 126/2008 de ordenación e currículo, Orde do 29 de maio de 2008 de implantación das modalidades do bacharelato, Orde do 24 de xuño pola que se desenvolve a organización e o currículo, Resolución do 11 de setembro de 2008 dos modelos oficiais de avaliación, Orde do 25 de xuño de 2008 coa relación das materias optativas e Orde do 23 de setembro de 2008 de ampliación de materias optativas.

Acceso á publicación




### Revistas educación CCAA

- Revista Galega do Ensino
- Revista do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte
- Revista Matemáticas do goberno vasco
- Revista Bibliotecas Escolares de Asturias
- Revista Educar Castilla la Mancha
- Revista Andalucía Educativa

## *CLICL Cascade Network*

Xa está operativa a CLIL Cascade Network, http://www.ccn-clil.eu/, presentada oficialmente o 24 de outubro de 2008 en Tallinn (Estonia) no marco do Congreso paneuropeo CLIL Fusion. A CCN está baseada na colaboración: compartir ideas, experiencias e recursos. O seu funcionamento baséase no establecemento dunha comunidade on-line activa. O profesorado CLIL, así como o profesorado implicado nos proxectos relacionados co plurilingüismo pode rexistrarse para ter acceso a contactos con outros docentes e centros de todo o mundo, recursos e información sobre todo o que ten que ver co ensino CLIL.
Máis información




## *Selectividade: circular para os departamentos de inglés ESO*

Na páxina da CIUG e no web de linguas estranxeiras pódese atopar a circular informativa da CIUG sobre a proba de inglés de selectividade para o curso 2008-2009.
Acceso



## *Currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas*

No DOG nº210 do mércores 29 de outubro sae publicado o Decreto 239, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.



## *O Barco de Vapor. Premio de literatura infantil 2009*




A Fundación SM convoca o premio O Barco de Vapor 2009 coa finalidade de promover a creación dunha literatura para nenos que fomente o gusto pola lectura. Poderán participar todos os escritores/as que o desexen e establécese un único premio dotado coa cantidade de 10.000 €. O prazo de admisión de orixinais cerrarase o 15 de xaneiro de 2009.

Máis información



## *Concurso de fotografía para a mocidade*

O Portal Europeo de Mocidade presentou o seu concurso fotográfico "Bébeo todo!". Esta dirixido aos estudantes de primaria e secundaria da UE que non teñan cumpridos os 20 anos o 1 de outubro de 2008. Solicítase a remisión de 2 fotos a través da páxina web. O tema do concurso é canto gozamos do leite e dos seus produtos derivados. As mellores instantáneas serán expostas nunha galería fotográfica en liña e as gañadoras serán usadas pola páxina web da Comisión Europea. A data límite para enviar fotos é o 28 de febreiro de 2009.




Máis información



*Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.*

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: acceso*

# *Webs temáticos*

**Contidos Educativos**

**http://www.edu.xunta.es/contidos**



**Plan Galego de Convivencia**

**http://www.edu.xunta.es/convivencia**

**Plan Valora**

**http://www.edu.xunta.es/valora**

**Mupega**

**http://www.edu.xunta.es/mupega**

**Linguas estranxeiras**

**http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras**

**Rede TIC de Centros**

**http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic**

**Bibliotecas escolares**

**http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog**

# *Publicacións*

LOE

Lexislación de Educación Primaria

Lexislación de Educación Secundaria

Lexislación de Bacharelato

O proceso de adaptación. E ti … vas á escola?

Plan de Convivencia

Saudiña

Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento

Alumnado con discapacidade motora

Alumnado con problemas de conduta

Alumnado con discapacidade intelectual

Alumnado con sobredotación intelectual

Proxectos de innovación educativa 2008-09

Premios de innovación educativa 2008

Plans e actuacións en innovación educativa

Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.

¿E por qué?. Prevención accidentes infantís